

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**15712** *Real decreto 1721/2012, do 28 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa.*

A disposición transitoria primeira do Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa, na redacción dada polo Real decreto 1496/2011, do 24 de outubro, dispuxo a conclusión do dito proceso de integración o 31 de decembro de 2012.

No actual contexto económico é preciso optimizar os recursos sanitarios do Ministerio de Defensa, polo que é necesario supeditar o proceso de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Área de Actividades Específicas á finalización da adaptación da estrutura da rede sanitaria militar derivada do cambio estrutural exixido para a satisfacción dos obxectivos de austeridade e eficiencia nas administracións públicas, no marco da optimización de recursos e mellora de xestión como aplicación das medidas de contención do gasto e o proceso de sustentabilidade das contas públicas.

En particular, e tendo en conta o incremento das misións internacionais que se veñen asignando ás Forzas Armadas, potenciouse a función loxístico-operativa da sanidade militar, o que require unha adaptación da Rede Hospitalaria da Defensa a estes novos requirimentos. Neste proceso débense modificar as funcións que desenvolven os centros sanitarios da defensa en que a actividade asistencial exige menos recursos. Por tanto, é necesario continuar coa progresiva racionalización de estruturas e servizos sanitarios, así como coa adecuación das funcións específicas e cualificacións do persoal con que están dotados estes centros hospitalarios.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Defensa e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa autorización do ministro de Facenda e Administracións Públicas de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de decembro de 2012,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa.*

A disposición transitoria primeira do Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa, queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria primeira. *Conclusión do proceso de integración.*

O proceso de integración do persoal laboral da Área de Actividades Específicas da Rede Hospitalaria da Defensa deberá estar concluído con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2014.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de decembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN